


Plan de Prioridades Sanitarias e Mapa interactivo de zonas de baño de Galicia

Miguel Ángel Rodríguez Muíños, Xurxo Hervada Vidal

Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.

Cad Aten Primaria
Ano 2011
Volume 18
Páx. 7-8

Apuntamos as novidades máis destacadas publicadas na web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (<http://dxsp.sergas.es>):



En primeiro lugar, destacamos a publicación do **Plan de Prioridades Sanitarias**. Como se di na súa introducción, “o Plan de Prioridades xorde para identificar os problemas sanitarios máis relevantes, priorizalos conxugando a vulnerabilidade da súa abordaxe co impacto na saúde da poboación e determinar as accións de mellora que, de xeito máis atinado, poidan minorizalos no horizonte temporal da súa vixencia ata o ano 2014”. No documento plantéxase o que hai que facer, cómo hai que facelo e de qué xeito se obterán indicadores dos seus resultados. Este plan, xunto á Estratexia SERGAS 2014 e á Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, configuran o Plan de Saúde 2011-2014.

É un documento de mellora que permite abordar os problemas sanitarios, identificados como prioritarios, aplicando novas ferramentas, novas habilidades e un xeito máis eficiente de consumir os recursos.

Seguindo unha metodoloxía especificada no documento elaborouse a seguinte lista de priorización de problemas sanitarios:

1. Cardiopatía isquémica
2. Cancro de pulmón
3. Ictus/Enfermidade cerebrovascular
4. Diabete mellitus
5. Depresión/Transtornos afectivos
6. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
7. Cancro de colon
8. Cancro de mama feminino

Tamén se identifican algún dos determinantes da aparición de moitos destes problemas, asociados aos estilos de vida. Por iso decidiuse elaborar liñas específicas de actuación, co obxecto de determinar accións de mellora que incidisen directamente neles.

1. O tabaquismo
2. A nutrición
3. A actividade física

Por último, resaltar que os problemas relacionados cos dereitos sanitarios e coa calidade da prestación de servizos categorizáronse do seguinte xeito:

1. Demoras na atención e insuficiente ambulatorización con cirurxía maior ambulatoria (CAM).
2. Estadía media prolongada
3. Excesiva taxa de cesáreas
4. Déficits de información dentro do sistema de información de profesionais sanitarios
5. Incompleta extensión do aseguramento público a todos os residentes en Galicia
6. Escasa información dos usuarios e poboación sobre dereitos e deberes sanitarios e sobre prestacións e servizos sanitarios

En definitiva, este Plan pretende contribuir a mellorar a saúde da poboación, prestar os servizos sanitarios que necesitan as persoas, fomentar o exercicio dos dereitos recoñecidos na normativa e actuar de forma eficiente para asegurar a sustentabilidade do Sistema Sanitario e dos Servizos Públicos.

Podemos encontrar un acceso directo para a descarga do documento en:
<http://www.sergas.es/gal/Publicaciones/Docs/PIOrSanitaria/ZIP-2058-ga.zip>

Por outro lado, como novidade, este ano, coincidindo co inicio da tempada de baño, publicouse na Web un **mapa interactivo de zonas de baño** (tanto marítimas coma continentais) da Comunidade Autónoma de Galicia no que se pode consultar a situación física, o resultado dos controis sanitarios e os valores dos parámetros máis relevantes. Pódese acceder á aplicación dende o apartado de “NOVAS” da páxina principal da web (<http://dxsp.sergas.es>) ou entrando na área de traballo de Ambiental.

Outras noticias destacadas no apartado “novas” son a actualización das datas de actuación por municipios do **programa de detección precoz de cancro de mama**; a publicación da campaña anual de **Vaga de Calor** na que se publica toda a información sobre as actuacións da Xunta de Galicia fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde da poboación; a publicación dun cartel informativo cos **10 consellos que nos poden axudar a previr o cancro**; ...

Para finalizar, mencionar un tema que estivo de actualidade hai uns días e que nos fai comprobar que as alertas en Saúde Pública seguen aparecendo cando un menos as espera (e en calquera país). Estámonos a referir ao **Brote de E.Coli** rexistrado en Alemaña, que tanta controversia suscitou. Para os interesados en afondar (sanitariamente) no tema, achegamos uns enlaces de utilidade:

http://www.ecdc.europa.eu/en/activities/sciadvice/Pages/Epidemiological_Updates.aspx

http://www.ecdc.europa.eu/en/publications/Publications/Forms/ECDC_DispForm.aspx?ID=690

<http://www.eurosurveillance.org/ViewArticle.aspx?ArticleId=19889>

<http://www.eurosurveillance.org/ViewArticle.aspx?ArticleId=19890>

